

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/1	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria: Extraordinaria

Motivo: «APROBACIÓN DOS ASUNTOS INCLUÍDOS NA ORDE DO DÍA CO GALLO DE PARTICIPAR NOS PLANS QUE DAN COBERTURA ORZAMENTARIA ÁS ACTIVIDADES E ACTUACIÓNS INCLUÍDAS NOS MESMOS»

Data e hora: 8 de xaneiro de 2026 ás 20:00

Lugar: SALÓN DE PLENOS

Presidida por: FRANCISCO CALO ABELLEIRA

Secretario: GUILLERMO JOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SÍ
78792417Y	ANA BELÉN DEL RÍO GONZÁLEZ	SÍ
45961024D	ANXO NUÑEZ FERNANDEZ	SÍ
78797031C	Andrés Castro Abelleira	SÍ
44843850Z	CARLOS LEIS PEDROSA	SÍ
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GÁNDARA	SÍ
79327212M	DOMINGO ANTONIO TRONCOSO MARTELO	SÍ
78787194G	FRANCISCO CALO ABELLEIRA	SÍ
33265012C	JOSE ANTONIO CAAMAÑO LESTON	SÍ
79327861X	JOSÉ MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SÍ
78793193T	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ	SÍ
33260032P	MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SÍ
33277711T	MARÍA SOLEDAD AGRA TUÑAS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, o Sr. Alcalde-Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

**Expediente 1186/2025. Subvencións Solicitadas a Outra Administración
POS GASTO SOCIAL 2026**

Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde dase lectura a proposta de acordo, ditaminada pola comisión de servizos, que ten o seguinte teor literal:

“Ao abeiro da convocatoria do POS+Adicional 1/2026, publicado no BOP nº 231, do 2 de decembro de 2025

PROPÓN:

Que o pleno deste concello, na sesión que se realizará o vindeiro luns, 29 de decembro de 2025, adopte o seguinte acordo:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
<i>Gastos correntes</i>	668.885,80 €	458.449,32 €	210.436,48 €	83.159,48 €	127.277,00 €
<i>Investimentos: Tipoloxía i</i>			0,00 €		0,00 €
<i>Investimentos: Tipoloxía j</i>			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	668.885,80 €	458.449,32 €	210.436,48 €	83.159,48 €	127.277,00 €
IMPORTES SOLICITADOS					
<i>I. Importe solicitado para gastos correntes</i>				83.159,48 €	
<i>II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i</i>				0,00 €	
<i>III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j</i>				0,00 €	
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 1/2026 (I + II + III)				83.159,48 €	



2. *Comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña do xeito establecido nas Bases do Plan.*

3. *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

Iniciase o turno de debate por parte da voceira de Compromiso Outes, o sra. Quintela Vilariño, amosando o seu acordo e indicando que esta medida segue a liña semellante á do seu goberno anterior para cubrir as emerxencias sociais e suplir o financiamento insuficiente que a Xunta de Galicia destina ao servizo de axuda no fogar.

Intervén de seguido a voceira do BNG, o sra. Agra Tuñas, lembrando que, durante o seu mandato, criticóuselles bastante por destinar estes cartos a gasto corrente, pero defende que é unha necesidade urxente porque a Xunta, que é a que ten as competencias, infrafinancia os servizos sociais malia que o prezo/hora pasou de 14,30 € a 19,90 €. Agradece a achega da Deputación da Coruña, que achega cartos cada ano a pesar de non ter competencias en servizos sociais. Votarán a favor.

Intervén para pechar o debate o sr. alcalde explicando que o concello xa aumentou o orzamento para o servizo de axuda no fogar co obxectivo de engadir 4.600 horas e eliminar a listaxe de agarda das persoas máis vulnerables, correspondentes aos graos dous e tres. Acláralle á oposición que a Xunta dá unha axuda directa de máis de 452.000 €, mentres que a Deputación pon os cartos á disposición e é o concello quen decide destinalos a ese fin.

Finalizado o debate sométese o punto a votación, quedando **APROBADO POR UNANIMIDADE DOS (13) MEMBROS PRESENTES.**

Expediente 707/2024. Contratacións APROBACIÓN AUDITORÍA ABASTECIMIENTO E PLAN TRABALLO MEDIDAS CORRECTORAS	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde dase lectura a proposta de acordo, ditaminada pola comisión de servizos, que ten o seguinte teor literal:

“Visto que mediante providencia da primeira Tenencia de Alcaldía, de data 24 de xullo de 2024, acordouse levar a cabo unha licitación, utilizando a figura do contrato menor de servizos, para a execución dunha auditoría da rede de abastecemento de auga potable municipal.



O obxectivo da realización da auditoría da rede de abastecemento municipal era o recollido na memoria incorporada ao expediente, coa seguinte desagregación de fitos:

1. *Descrición detallada dos sistemas de abastecemento do concello, con explicación do funcionamento, inventario dos elementos singulares da rede, información sobre as redes de abastecemento, inventario estimado do parque de contadores e os núcleos de poboación e zonas conectados a rede de abastecemento e a poboación estimada conectada.*
2. *Elaboración da documentación gráfica pertinente, planos en formato dixital (CAD ou SIX), do sistema de abastecemento do concello.*
3. *Volumes de auga captada e subministrada á rede de abastecemento, con análise dos consumos e con indicación de usuarios conectados por tipoloxías.*
4. *Balance hídrico de todo o sistema de abastecemento.*
5. *Plan de actuación para minimizar as perdas de auga nos sistemas de abastecemento, con medidas detalladas, programadas cun horizonte temporal de 4 anos e valoradas para a redución dos consumos non rexistrados, para a redución das perdas aparentes e para a redución de perdas reais.*

A auditoría foi adxudicada á mercantil SUARNA SISTEMAS S.L., quen en data 30 de setembro de 2024 presentou perante o Concello o estudo solicitado (n.º de r.e. 2024-E-RE-1521).

En virtude do anterior, e á vista dos resultados e conclusión recollidos no documento técnico, propónse ao Pleno da Corporación para o seu estudo, debate e votación a adopción do seguinte **ACORDO**

PRIMEIRO.- Aprobar o documento denominado “AUDITORÍA MUNICIPAL DE ABASTECIMIENTO PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA NO CONCELLO DE OUTES” elaborado pola mercantil SUARNA SISTEMAS S.L., en virtude do contrato menor de servizos adxudicado mediante resolución da Alcaldía n.º 2024-0428, de data 12 de agos de 2024, así como o plan de traballo de medidas correctoras incluído no documento.

SEGUNDO.- Trasladar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.”

Iníciase o debate por parte da voceiro de Compromiso Outes, quen adianta o seu voto a favor e fai fincapé en que é un expediente que se tramitou dende o seu goberno, xa que eran conscientes de que o sistema de abastecemento era deficiente e de que necesitaban unha auditoría para poder optar a axudas e facer



arranxos.

Intervén o voceiro do BNG, o sr. Núñez Fernández, destacando tamén que é un trámite que viña do goberno anterior. Recomenda que, ademais de arranxar as deficiencias urxentes, o concello debería ir pensando en ampliar a rede para levar este servizo a outros núcleos de poboación que a día de hoxe non gozan deste servizo.

Intervén o sr. alcalde, indicando que a actual oposición deixou esta auditoría, datada en setembro de 2024, abandonada "no caixón", e afirma que se tivesen interese xa terían proposto medidas. Destaca que é o actual goberno o que asume a responsabilidade de levala ao pleno e facela efectiva.

Intervén en segunda ronda a voceira de Compromiso Outes, indicando que recibiron a auditoría en setembro e que o actual goberno entrou en febreiro, polo que non houbo moita marxe para actuar.

Intervén o voceiro do BNG rebatindo ao goberno actual e afirmando que o BNG só tivo a auditoría uns meses escasos, mentres que o goberno actual a tivo nun caixón case un ano dende a moción de censura. Engade que o goberno anterior si deixou deberes feitos, xa que deixaron aprobado un proxecto de máis de 200.000 € para cambiar tubaxes de fibrocemento na avenida de Fisterra.

Pecha o debate o sr. alcalde insistido na inacción do goberno anterior, acusándoos de esquecerse de limpar depósitos dende o ano 2019 e de permitir que a auga chegase ás casas de cor marrón. Asegura que nestes 10 meses de goberno solucionaron gran parte da turbidez da auga, e lémbbralles que pola súa falta de actuación o concello aínda está pagando multas de ata 9.500 €.

Finalizado o debate, sométese o punto a votación quedando **APROBADO POR UNANIMIDADE DOS (13) MEMBROS PRESENTES.**

Expediente 501/2025. Contratacións APROBACIÓN AUDITORÍA SANEAMENTO E PLAN TRABAJO MEDIDAS CORRECTORAS	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 0, Ausentes: 0

Por parte do sr. alcalde dase lectura a proposta de acordo, ditaminada pola comisión de servizos, que ten o seguinte teor literal:

“Visto que mediante providencia da Alcaldía-Presidencia, de data 15 de maio de 2025, acordouse levar a cabo unha licitación, utilizando a figura do contrato menor de servizos, para a execución dunha auditoría da rede de saneamento

municipal.

O obxectivo da realización da auditoría da rede de saneamento municipal era identificar as principais entradas de augas brancas ou puntos de alivio, a fin de mellorar o funcionamento do sistema e programar actuacións que permitan prestar os servizos de maneira máis eficiente, axudando a contribuír os obxectivos medioambientais no complexo escenario de cambio climático no que nos atopamos.

A auditoría foi adxudicada á mercantil SERYE INGENIEROS S.L., quen en data 3 de outubro de 2025 presentou perante o Concello o estudo solicitado (n.º de r.e. 2025-E-RE-1846).

*En virtude do anterior, e á vista dos resultados e conclusión recollidos no documento técnico, propónse ao Pleno da Corporación para o seu estudo, debate e votación a adopción do seguinte **ACORDO***

PRIMEIRO.- *Aprobar o documento denominado “AUDITORÍA DA REDE DE SANEAMENTO DO CONCELLO DE OUTES PARA DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS OUTES (A CORUÑA)” elaborado pola mercantil SERYE INGENIEROS S.L., en virtude do contrato menor de servizos adxudicado mediante resolución da Alcaldía n.º 2025-0365, de data 04/06/2025, así como o plan de traballo de medidas correctoras incluído no documento.*

SEGUNDO.- *Trasladar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.”*

Iniciase o debate por parte da voceira de Compromiso Outes, mostrando a súa conformidade que se siga avanzando na mellora do deficiente sistema de saneamento, lembrando que o proceso comezou baixo o seu mandato co arranxo da EDAR e as correccións de pozos.

De seguido intervén o voceiro do BNG, indicando que é un paso máis na liña das accións que se tomaron anos atrás na depuradora da Serra de Outes. Aproveita para preguntar por unha actuación moi cara contemplada na auditoría referida a un problema cun colector e o exceso de augas pluviais. Sinala que isto coincide co proxecto de asfaltado dunha vía aprobado o mes pasado, e pregunta se teñen previsto arranxar as tubaxes antes para non ter que romper o asfalto novo pouco despois.

Intervén o sr. alcalde, quen defende que trouxeron a auditoría con celeridade e acusa o goberno anterior de non intervenir con respecto á rede de saneamento, remarcando que primeiro hai que aprobar o documento e logo tomar medidas.

Intervén novamente o voceiro do BNG, insistindo na súa crítica e sinalando a



falta de previsión do goberno por querer botar asfalto para despois rompelo. Remata acusando ao goberno de manipulacións e mentiras.

Intervén para pechar o debate o sr. alcalde, criticando a actitude do voceiro do BNG. Así mesmo, defende a xestión do seu equipo nos últimos 10 meses, listando os labores realizados ante o abandono que sufrían as instalacións: limpeza de estacións de bombeo, reparación de cestóns e guías podrecidas, e un investimento de máis de 48.000 € para colocar bombas novas na central, o Requeixiño e Bendimón.

Finalizado o debate sométese o punto a votación, quedando **APROBADO POR UNANIMIDADE DOS (13) MEMBROS PRESENTES.**

E, non habendo mais asuntos que tratar, polo Presidente levántase a sesión sendo as 20:20 horas, de todo o cal, como Secretario, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

